



Resolución do 11 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o programa educativo *Menores nin unha pinga* dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024-2025.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación na redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, recolle como un dos obxectivos do Ensino Secundario Obrigatorio "*Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora*". Na mesma liña, o Decreto 156/2022 de 15 de setembro polos que se establecen a ordenación e o currículo da secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu artigo 18.2, "*fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais*".

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, consciente da necesidade de utilizar a prevención e a educación como unha única vía insubstituíble para contribuír a loita contra o consumo de alcol en colectivos de risco, entre os que destaca especialmente, os menores de idade, recolle na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 actuacións específicas cara a prevención de condutas aditivas.

O Programa educativo *Menores nin unha pinga* impulsado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pretende achegar ás aulas actuacións en prol da prevención do consumo de bebidas con contido alcohólico en colectivos de risco, entre os que destaca especialmente, os menores de idade.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Apartado 1.- Obxecto

Regular o programa *Menores nin unha pinga* e establecer as bases para a participación no



mesmo dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024/25.

Apartado 2.- Obxectivo xeral

Sensibilizar e favorecer activamente a prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Apartado 3.- Obxectivos específicos

- Poñer a disposición da comunidade educativa recursos de interese dirixidos á prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, así como ferramentas para o seu uso didáctico na aula.
- Colaborar na sensibilización e na difusión de materiais e recursos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao consumo do alcol.
- Contribuír á prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, por ser o colectivo de maior risco e desprotección.

Apartado 4.- Destinatarios

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de educación secundaria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Apartado 5.- Descrición do programa e planificación

O programa consiste na realización de actividades e charlas informativas para o alumnado, profesorado e familias nos centros educativos a cargo de especialistas da Fundación Alcohol y Sociedad. Nestas actividades abordarase o consumo responsable de bebidas alcohólicas, pero especialmente a prevención deste consumo en menores de idade, por ser o colectivo de maior risco e desprotección.

As accións formativas terán lugar desde o 20 de xaneiro ata o 13 de xuño de 2025, concretándose as datas e os horarios entre as persoas coordinadoras de cada centro educativo e as responsables do programa da Fundación Alcohol y Sociedad.





Apartado 6.- Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes de participación enviaranse ao enderezo electrónico inclusion.entidades@edu.xunta.gal co asunto "Solicitud Menores nin unha pinga", achegando o documento Anexo. O prazo de presentación de solicitudes será desde a data de publicación desta convocatoria no portal educativo ata o 10 de xaneiro de 2025.

Apartado 7.- Criterios de selección

Seleccionaranse ata un máximo de 50 centros conforme ao criterio único que figura a continuación:

- Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado.

Apartado 8.- Resolución

Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, farase pública a resolución no Portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 9.- Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento





incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

